



**EMPRENDE GAIÁS - "SIXTO SECO" NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA  
CONVOCATORIA 2018**

**RESOLUCIÓN do 19 de novembro de 2018 pola que se fan públicos os adxudicatarios dos premios "Emprende Gaiás-Sixto Seco" na Cidade da Cultura de Galicia**

En cumprimento do disposto nas bases reguladoras que rexen a convocatoria 2018 do concurso de premios "Emprende Gaiás-Sixto Seco" na Cidade da Cultura de Galicia,

**RESOLVO:**

1.- Aceptar a proposta da Comisión de Valoración e resolver a concesión dos premios "Emprende Gaiás-Sixto Seco", na Cidade da Cultura de Galicia na Convocatoria 2018, en favor dos seguintes proxectos e beneficiarios, nas seguintes modalidades;

A Comisión de Avaliación acorda propoñer como gañadores nas modalidades A e B da convocatoria 2018 dos Premios Emprende Gaiás Sixto Seco, os seguintes;

<b>MODALIDADE A:</b>	<b>PROXECTO INNOVADOR PARA A PROGRAMACIÓN DE APLICACIÓNIS INFORMÁTICAS RELACIONADAS CO SECTOR CULTURAL E PROXECTOS CULTURAIS NA INTERNET</b>
----------------------	--

A comisión de avaliación acorda que o premio sexa concedido Ex aequo a dous candidatos que compartirán o premio en metálico conforme ó previsto no artigo 6 das bases. Os dous gañadores son os seguintes:

**1º GAÑADOR/A: María Ignacia Ceballos González LLanos**

**PROXECTO: "Minervas Voice"**

**RESUMO:** Páxina web que ten coma obxectivo principal reunir nunha única plataforma de contidos toda a información, investigación, documentación e producións audiovisuais sobre as mulleres que contribuíron e contribúen de forma decisiva á evolución da humanidade e ao empoderamento feminino, para motivar á sociedade mediante exemplos de mulleres inspiradoras.

Na plataforma Minervas ofertaranse contidos dixitais autorizados, sendo todos eles protexidos polos dereitos de autor coa autorización dos seus lexítimos propietarios.

Minervas Voz Editorial especialízase en dous tipos de publicacións:

- Unidades didácticas: Constitúen un estudo exhaustivo e pormenorizado de cada muller protagonista, expoñendo dunha forma amena os logros e ámbitos de traballo de cada unha delas. Tamén relatarán, dunha maneira atractiva e emotiva, as vicisitudes en materia de educación, acceso ao traballo e superación dos obstáculos que deberon sufrir estas mulleres ao longo de diferentes épocas da historia, incluída a actual.



- Editorial de libros de autoras seleccionadas: Publicará aqueles traballos sobre a biografía e os logros das mulleres que ainda non son suficientemente recoñecidas.

#### **PREMIO:**

- A) Un premio en metálico dotado con **mil cincocentos euros (1.500,00 €)**.
- B) **Incorporación gratuita durante seis meses ao espazo cotraballo "Centro de Emprendemento Creativo de Galicia"** de Cidade da Cultura de Galicia.. Este premio inclúe:
  - 1) Ocupación dun espazo na sección de Cotraballo, coas seguintes prestacións; unha mesa de traballo, con conexión a internet, e os seguintes servizos comúns: sala de reunións, con internet, wifi, proxector.., despacho para reunións, caixa de correos de correo, servizos de seguridade, videovixilancia e control de accesos, subministración eléctrica, auga, calefacción e servizo de limpeza.
  - 2) Desconto do 50% en todas as actividades que se realicen en Cidade da Cultura de Galicia.
  - 3) Participación en todas as actividades de formación promovidas de forma gratuita pola Cidade da Cultura de Galicia de interese para o candidato.
  - 4) Posibilidade de mostrar produtos promocionais do proxecto gañador escarapate/showroom.
  - 5) Intercambio con outros espazos co-traballo de ámbito internacional, coas que a Cidade da Cultura de Galicia teña convenio.

#### **2º GAÑADOR/A: Alejo Pacín Jul**

#### **PROXECTO: "Gaita galega Midi"**

**RESUMO:** Creación dunha gaita MIDI baseada en software e hardware libre, que ten coma obxecto a simulación o máis fielmente posible dunha gaita galega, así como a recolleita e realización das esixencias do usuario dado que, a día de hoxe, non existe ningunha gaita MIDI no mercado que cumpra coas mesmas na súa totalidade.

Para iso faise uso da plataforma Arduino (hardware libre modular), empregando tanto placas base (Uno), coma módulos externos (sensores de presión e capacitivos) ou superpostos que se comunican entre si empregando protocolos moi variados segundo as súas necesidades (I2C, UART, USB, MIDI, etc.). Todo este hardware está programado en C/C++, Processing/Wiring e Arduino.

Para o control de dito hardware e do sintetizador faise uso dunha aplicación de configuración gráfica multiplataforma escrita en Java e Swing, que explota toda a potencialidade dos mesmos, facendo que a simulación sexa o máis completa posible.

#### **PREMIO:**

- C) Un premio en metálico dotado con **mil cincocentos euros (1.500,00 €)**.



D) Incorporación gratuíta durante seis meses ao espazo cotraballo "Centro de Emprendemento Creativo de Galicia" de Cidade da Cultura de Galicia.. Este premio inclúe:

- 1) Ocupación dun espazo na sección de Cotraballo, coas seguintes prestacións; unha mesa de traballo, con conexión a internet, e os seguintes servizos comúns: sala de reunións, con internet, wifi, proxector., despacho para reunións, caixa de correos de correo, servizos de seguridade, videovixilancia e control de accesos, subministración eléctrica, auga, calefacción e servizo de limpeza.
- 2) Desconto do 50% en todas as actividades que se realicen en Cidade da Cultura de Galicia.
- 3) Participación en todas as actividades de formación promovidas de forma gratuíta pola Cidade da Cultura de Galicia de interese para o candidato.
- 4) Posibilidade de mostrar produtos promocionais do proxecto gañador escarapate/showroom.
- 5) Intercambio con outros espazos co-traballo de ámbito internacional, coas que a Cidade da Cultura de Galicia teña convenio.

**MODALIDADE B: PROXECTO INNOVADOR PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS NA ÁREA DO DESEÑO, XESTIÓN CULTURAL E CREACIÓN ARTÍSTICA E PLÁSTICA NO ÁMBITO CULTURAL.**

**GAÑADOR/A: Sandra Vilas Fernández**

**PROXECTO: "Boina Galega"**

**RESUMO:** Liña de boinas clásicas e personalizables, interpretadas pola experta artesá Sandra Vilas e fabricadas con materiais de alta calidad: la merina , forro de liño e tira de coiro. O proxecto, que nace dun alto impacto inicial en medios de comunicación pola súa singularidade, ten previsión de implementar a curto prazo tanto a modernización do producto coma dos medios de producción, co fin de incrementar a produtividade e reducir custes, sen que o produto sufra unha alteración na calidade, punto clave fronte unha competencia que busca a diferencia en materia de prezos.

A lá como materia prima principal , permitelle fabricar unha ampla gama de deseños, aos que prevé engadir outros confeccionados con novos materiais: liño, coiro... etc. , xa que son técnicas que domina sen problemas e contribuirán á especialización do produto. Sempre respectando as normas da marca de calidade e naturalidade da materia prima.

O producto cobre as necesidades do cliente final, ben por que lle ofrece deseño e diferenciación por seren edicións limitadas de pezas, exclusivas feitas en Galicia, ben por seren pezas realizadas cun impacto medioambiental mínimo. Neste sentido tamén se ofrece a posibilidade de adquirir pezas tinguidas de xeito natural con aguacates, estrugas...etc. ausentes de químicos agresivos.

#### **PREMIO:**

- A) Un premio en metálico dotado con **tres mil euros (3.000,00 €)**.



**B) Incorporación gratuíta durante doce meses ao espazo cotraballo "Centro de Emprendemento Creativo de Galicia" de Cidade da Cultura de Galicia.. Este premio inclúe:**

- 1) Ocupación dun espazo na sección de Cotraballo, coas seguintes prestacións; unha mesa de traballo, con conexión a internet, e os seguintes servizos comúns: sala de reunións, con internet, wifi, proxector..., despacho para reunións, caixa de correos de correo, servizos de seguridade, videovixilancia e control de accesos, subministración eléctrica, auga, calefacción e servizo de limpeza.
- 2) Desconto do 50% en todas as actividades que se realicen en Cidade da Cultura de Galicia.
- 3) Participación en todas as actividades de formación promovidas de forma gratuita pola Cidade da Cultura de Galicia de interese para o candidato.
- 4) Posibilidade de mostrar produtos promocionais do proxecto gañador escarapate/showroom.
- 5) Intercambio con outros espazos co-traballo de ámbito internacional, coas que a Cidade da Cultura de Galicia teña convenio.

2.- Facer pública as puntuacións e a relación de admitidos e excluídos na páxina web da Fundación.

3.- Notificar a presente resolución ós beneficiarios, polos medios establecidos nas bases.

4.- Comunicar á Base de Datos Nacional de Subvencións a presente resolución.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2018

Asdo. Ana Isabel Vázquez Reboredo  
Directora Xerente  
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

